



ANUNCIO

Aprobación das listas de admitidos/as no proceso de selección, datas presentación documentación, datas convocatoria da proba CELGA 4 e valoración de méritos, composición Comisión de Selección. Mediante Resolución de alcaldía núm. 147 do 21.03.2025.

Expediente 2025/E001/000002. Proceso selectivo para seleccionar mediante concurso de méritos a un traballador/a para desempeñar o posto e traballo de director/a da Escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón (grupo II), baixo a modalidade de contrato de substitución.

PRIMEIRO. Aprobar a lista de persoas admitidas e excluídas no procedemento de selección de persoal para a cobertura dunha (1) praza de director/a da escola infantil municipal na modalidade contrato de substitución:

Persoas candidatas admitidas
NOME e APELIDOS
Ana Bernárdez Pintos
Ana De la Calle López
Ana María Vázquez Porto
Burkina Santiago Espinosa
Juan Manuel Álvarez Álvarez
Sarai Formoso Formoso
Uxía López Casal

SEGUNDO. Comunicar ás persoas candidatas admitidas, a través de correo electrónico, para a presentación de documentación acreditativa dos méritos, tal e como se establece nas bases da convocatoria, datas das probas, e presentación de documentación para acreditar os méritos.

As persoas aspirantes presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro xeral do concello (O Forte 18, 15881 Boqueixón, A Coruña), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello de Boqueixón (<https://sede.boqueixon.com/sxc/es/>) ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá facelo constar mediante a remisión unha copia da instancia xa rexistrada ao correo electrónico emprego@boqueixon.com antes do remate do prazo de presentación de documentación.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Prazo para presentar a documentación acreditativa dos méritos xunto cos anexos I, anexo II, e se fose o caso o anexo III: dende o día da comunicación e a publicación na sede electrónica do Concello dun anuncio ao respecto e **ata o 27 de marzo de 2025 ás 14:00 horas**. Non se aceptará ningunha documentación que non se presente en dito prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

No caso de que sexa preciso porque non se pode contactar por correo electrónico poderase chamar por teléfono ata un máximo de 3 chamadas ás persoas candidatas. Ós/Ás candidatos/as informaráselles sobre as bases de contratación, datas das probas, e presentación de documentación para acreditar os méritos.

No caso que as persoas candidatas non acrediten estar en posesión do **CELGA 4** quedan convocadas no lugar, data e hora que a continuación se establece para realizar a **proba práctica**:

- Data: 28 de marzo de 2025.
- Hora: 09:30 horas
- Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar do Forte núm. 18, 15881 Boqueixón (A Coruña).

TERCEIRO. Nomear como membros da Comisión de selección:

- Presidente: Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor do Concello de Boqueixón; suplente: María Pardo Quintana, tesoureira do Concello de Arzúa
- Secretaria: María Victoria Negrín Blanco, técnica de formación ocupacional do Concello de Boqueixón; suplente: Pilar Pazos Santasmarinas, auxiliar administrativa do Concello de Boqueixón.
- Vogais:
 - 1ª María Cruz Ferreiro Sanín, axente de desenvolvemento local do Concello de Boqueixón; suplente: Cristina Carbajales Nouriño, directora do CIM
 - 2ª Rosario Iglesias Iglesias, técnica de cultura do Concello de Boqueixón, suplente: María Cruz Vilas Giadanes, axente de desenvolvemento local do Concello de Vedra.
 - 3ª Adela Lamela Arteaga, administrativa do Concello de Boqueixón; suplente: María José Pereira Lareo, educadora familiar do Concello de Boqueixón.

CUARTO. Convocar a todas as persoas integrantes da comisión de valoración para o acto de constitución do mesmo e para proceder á realización da proba do CELGA 4 e á valoración dos méritos

- Data: 28 de marzo de 2025.
- Hora: ás 9:00 h.
- Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar do Forte 18, 15881 Boqueixón (A Coruña).



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

A comisión de selección procederá a excluir a aqueles candidatos/as que da documentación que aporten se comprobe que non reúne os requisitos mínimos esixidas na convocatoria (base terceira) para poder optar ó posto ofertado.

Boqueixón, na data da sinatura electrónica

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor